

**ASISTENTES:****Presidenta:**

Sra. D<sup>a</sup>. Milagros Otero Parga

**Vicepresidente:**

Sr. D. Pablo Cameselle Martínez

**Vogais:****Pola Xunta de Galicia**

Sra. D<sup>a</sup>. Natalia Prieto Viso

**Polo Consello Consultivo**

Sra. D<sup>a</sup>. Ana María López Guizán

**Polo Consello de Contas**

Sr. D. Antonio Alonso Rodríguez

**Pola FEGAMP**

Sr. D. Eduardo Ramonde Rodríguez

**Secretaria:**

Sra. D<sup>a</sup>. María Puy Fraga

En Santiago de Compostela ás 12.10 horas do día 10 de maio de 2016, na biblioteca do Valedor do Pobo, rúa Hórreo nº 65, cuarto andar, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 29 de abril do 2016 procédese a realizar a sesión constitutiva da Comisión de transparencia de Galicia

Previamente, e dada a relevancia do acto, convócase aos medios de comunicación para que quede constancia gráfica da sesión.

Na sesión procédese:

**1º.- Constitución da Comisión**

Iníciase a sesión cunha benvida da presidenta aos e ás asistentes, agradecéndolles o traballo que asumen sen percibir ningún tipo de compensación ou retribución máis alá da propia satisfacción do traballo ben feito. A presidenta propón un sistema de traballo, no que o exercicio do mesmo represente o desenvolvemento dunha actuación con autoridade, baseada na *auctoritas*, para o exercicio da potestade encomendada. Unha forma de traballo na que impere o espírito de convicción, sen tratar de impor, pois ese é o traballo propio dunha institución como a do Valedor do Pobo, que é a que a lei adscribe esta Comisión.

Resalta que a Comisión se atopa ante unha tarefa complicada, non tanto no que hai que facer, que é o que demande cada cidadán e cidadá, senón porque é unha materia relativamente nova, na que non existen antecedentes, polo que haberá que facer camiño ao andar e, para a que non se pode prescindir da necesaria colaboración institucional.

Para a constitución formal a presidenta, procede a dar lectura da resolución do 15 de abril de 2016 pola que se nomean os membros da Comisión da Transparencia creada pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e seguidamente para proceder á efectiva to

ma de posesión, en representación dos correspondentes órganos e federación procédese a asinar o documento de toma de posesión por todos/as e cada un dos membros legalmente previstos.

### 2º.- Informe da valedora sobre a situación do control da transparencia

A valedora no informe recolle a xénese da Comisión, a misión desta, as súas funcións e a experiencia nestes últimos meses salientando os seguintes datos:

O número de queixas referentes á transparencia recibidas neste tempo no Valedor do pobo é 46. As queixas foron tramitadas desde a área de transparencia creada para o efecto dentro da institución. Delas, entorno á metade correspóndense con reclamacións para tramitar, pola ata esta mañá inexistente Comisión. O seu motivo é xeralmente o silencio ante a petición de información. Na institución cremos que a tendencia será de crecemento.

O resto da intervención destínase á responsabilidade da Comisión de establecer os mecanismos suficientes que permitan e aseguren un bo funcionamento . A que o traballo que se inicia sexa percibido pola sociedade como garante dos seus dereitos, e non como unha Comisión máis cuxa finalidade é atrasar o exercicio dos mesmos. Propón aos membros da Comisión que consideren que non é abondo o feito de que os prazos obriguen senón que, ademais, temos que ser capaces de suscitar confianza entre a cidadanía.

Para todo este traballo, dende a institución faise unha proposta de borrador de regulamento interno, que será publicado na páxina web, que tamén será presentada na sesión para o seu debate e xestión, xunto cunha proposta de imaxe institucional para a Comisión. Infórmase do rexistro xa feito dos dominios web .gal e .com para o enderezo “comisiondatransparencia”. Anúnciase que o longo desta primeira sesión proporase unha estrutura de páxina web institucional moi sinxela (que xa nos foi demandada) coa idea de poder lanzala canto antes, para ofrecer o mellor servizo posible aos galegos e galegas.

No informe se destaca o esforzo da institución, que dende o primeiro momento pon a disposición destas funcións os seus recursos e xa creou un grupo de traballo de transparencia dentro da mesma. A presidenta propón que sexa unha das persoas que conforma ese grupo,

María Puy, que é unha funcionaria da institución, como a persoa encargada de vixiar a legalidade deste novo órgano, así como de realizar o resto das funcións propias de Secretaría.

En aras da transparencia se sinala a coordinación de todo o traballo co Consejo de Transparencia y Buen Gobierno estatal, en cuxas reunións se está a participar desde o principio e cos que se está a colaborar nun proxecto piloto, xa en marcha, mediante o cal se está testando o método para poder avaliar de maneira uniforme a todas as administracións públicas no que ao exercicio de publicidade activa se refire.

### **3º.- Presentación dos e das integrantes**

Dado o número de membros e ós órganos aos que se representa, acórdase que non é necesario facer unha presentación específica.

### **4º.- Aprobación, se procede, do nomeamento da persoa proposta pola presidencia para a Secretaría do órgano colexiado, de acordo co disposto no artigo 25 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do 26 de novembro**

A presidenta propón, como xa indicou no seu informe, a María Puy Fraga que reúne as condicións de funcionaria da administración e coñecemento xurídico para o desenvolvemento desta función.

O acordo tómase por unanimidade, pasando a integrarse na mesa da Comisión a citada funcionaria, e entregándose nese momento o documento de toma de posesión dos membros natos.

### **5º.- Presentación das propostas de imaxe institucional da Comisión**

A presidenta cede a palabra ao vicepresidente que explica o interese da institución para poñer en marcha a Comisión, nos termos demandados polo novo contexto da sociedade da información, ten feito que dende o Valedor se traballase en idear e desenvolver unhas propostas de imaxe que xogasen coa idea da transparencia, e, a propia imaxe corporativa do Valedor do Pobo.

Usando os cores verde 390Ce

gris 428 C (que son os da institución) e os puntos do logo institucional do Valedor aparecen catro imaxes. Dúas delas formando o mapa de Galicia en cor verde a primeira, e con todos os puntos iguais. E en cor verde e gris, a segunda, cos puntos a distinto tamaño segundo o color. A terceira imaxe é cos puntos formando unha imaxe concéntrica, e por último, outra que evoca unha fiestra aberta.

Tras as explicacións do vicepresidente a presidenta solicita as opinións dos e das asistentes, quedando centrado o debate entre aquelas que dispoñen da imaxe do mapa de Galicia e a da fiestra aberta. Finalmente, e dado que a idea de apertura é ben acollida por todas as persoas integrantes da Comisión, acórdase por unanimidade a elección desta idea para a xestión da imaxe institucional.

### **6º.- Aprobación dos traballos de inicio para o desenvolvemento e a xestión do sitio web**

A presidenta cede novamente a palabra ao vicepresidente para que explique a necesidade de promover este desenvolvemento, toda vez que a normativa incorpora mecanismos que permiten a xestión dos procedementos en liña, o que obriga a dispoñer de formulario web, formulario descargable, mails de contacto, etc.

Igualmente é necesario que a Comisión conte con áreas específicas para a información de transparencia da propia Comisión, axenda, actas de reunións, informes e avaliacións, resolucións, etc.

Dende a presidencia se insiste en que se estudie a proposta para crear, entre todos, unha web multi-idioma (galego-castelán), deseño *responsive* adaptable a todos os dispositivos portátiles e móbiles.

Dáse unha estrutura básica de contidos tendo en conta a normativa básica e galega de transparencia, se recorda que vai a ser moi sinxela, dado que a Comisión se nutre dos recursos materiais e persoais do Valedor do Pobo, e que polo tanto hai materias que estarán incardinadas na web do Valedor, coa que se manterán *links*.

O vicepresidente indica que a próxima reunión se traerán xa os formularios e unha estrutura ou *demo*, se é posible, da páxina.

A representante da Xunta de Galicia propón que a páxina web permita a alerta de móbiles para avisar de actualizacións e facer todo tipo de avisos, proposta que non se recolle na proposta que se lles entrega e que xa se incorpora.

**7º.- Toma de imaxes para a información pública**

Dado que ao acto foron convocados os medios de comunicación gráficos non se procede a toma doutras imaxes.

**8º.- Entrega do Borrador de regulamento interno da Comisión para o seu estudo e aprobación na próxima reunión**

Faise entrega dun *pen-drive*, co fin de evitar todo o posible, o uso de papel. A USB contén o borrador de regulamento interno, a proposta de estrutura de contidos presentada como punto seis da sesión, e a lexislación estatal e galega vixente en materia de transparencia e bo goberno.

A presidenta pide novamente a participación de todos. Resume brevemente o contido do texto e indica que dado a súa profesión de orixe, como docente de filosofía do dereito, para ela o máis destacado está na exposición de motivos, onde se atopa a base do espírito material da norma. Toda norma procura unha xustiza material e unha xustiza legal, a legal é a repetición sen máis da letra da norma, pero a xustiza material é a aplicación da xustiza ao caso concreto, e a figura do Valedor non ten sentido se a usamos para a mera aplicación da legalidade sen buscar a xustiza material de cada caso concreto.

Nos non estamos aquí para vixiar o cumprimento se non para que o que haxa sexa xusto.

Dado que as persoas integrantes da Comisión acaban de recibir o documento, como no caso da organización da web, se lles solicita colaboración, para que fagan as súas achegas.

Indícase que nos vindeiros días se lles comunicará o prazo de remate para facelas, que será uns días antes da data que se fixe para a próxima reunión, a fin que desde a secretaría se lles poida entregar un documento no que figuren todas as achegas sistematizadas como documento de traballo para a vindeira reunión. Esta indicación faise tamén para o caso de facer propostas para a web.

**9º.- Rogos e preguntas**

Os membros da Comisión inician un diálogo no que aparecen os seguintes temas:

- A posibilidade de que se forme un grupo de traballo coa sección de prevención contra a corrupción que se está xestando no Consello de Contas. A presidenta contesta que dado que a normativa que imos a aplicar ambas institucións é de nova creación o mellor é non adiantar acontecementos e ir vendo, pero que en materia de transparencia estamos abertos a toda a colaboración que o resto dos órganos e a federación precisen.
- O sistema de traballo da Comisión. A presidenta contesta que dado que é un dos temas que recolle o regulamento proposto, será cuestión de velo xuntos na próxima reunión, pero sempre partindo de que os recursos teñen tres meses para a súa resolución e que por tanto barallamos unha reunión mensual mínima, pois tamén hai que facer informes e revisar normas sobre transparencia que se vaian a publicar.
- A representante da Xunta se ofrece a traer á próxima reunión os datos estatísticos mais consultados pola cidadanía, e indica que de momento as consultas de información pública nin por número nin por materia defiren moito das tipoloxías que a normativa de transparencia, agora xa derogada, permitían.
- Dende o Valedor se comprometen a trasladar o *know how* adquirido no proxecto piloto á Comisión, á preparación das resolucións e ao Comisionado de transparencia para seguir a traballar na dirección da transparencia.

Non habendo mais cuestións que tratar, sendo as 13.20 da tarde se levanta a sesión, da que se estende a presente acta.

A presidenta

Milagros Otero Parga

A secretaria

María Puy Fraga